

REVISTA
PORTUGUESA
de HISTÓRIA
tomo XXIX



COIMBRA 1994
FACULDADE de LETRAS
da UNIVERSIDADE de COIMBRA
INSTITUTO de HISTÓRIA ECONÓMICA e SOCIAL

**A MULLER NA HISTORIOGRAFIA GALEGA
(1726-1994)
ANÁLISE BIBLIOGRÁFICA**

E o noso obxectivo deseñar nestas poucas páxinas unha visión panorámica da bibliografía galega sobre o tema muller, fundamentalmente ao longo do período contemporáneo.

A primeira vista sería un anxeio de enorme magnitude, pois ao longo destes dous séculos foron moitas as cousas que se escriberon sobre o sexo feminino e o seu papel na sociedade. Por iso irnos facer un acoutamento, deixando para outro intre a análise das publicacións periódicas, dos ensaios que tocan á muller de esguello e mesmo das obras literarias de ficción con protagonista feminino.

Desta maneira a nosa angueira redúcese á descrición e breve estudo dos “libros sobre a muller” publicados na Galiza ou da autoría de autores galegos, que imprentaron as súas obras lonxe da terra, entre os que compre salientar a persoeiros tan senlleiros como Vicente do Seixo, Martín Sarmiento ou Benito Feijoo.

Comeza o noso estudo coa análise da “Defensa de las Mujeres” (1726) do P. Feijoo e remata cronolóxicamente co título “Lembranzas dun mundo esquecido: muller, política e sociedade na Galicia contemporánea” (1993) de Xosé Vincenzo Freire Lestón.

No referente á proliferación de obras historiográficas sobre a

mulier salientaremos dúas etapas.

-*O primeiro tercio do século XX*. Neste momento os avances do feminismo en toda Europa conlevan a publicación dun ronsel de obras que tentan de definir desde diversos puntos de vista a situación da muller na sociedade, aportando solucións que respostan aos presupostos ideolóxicos dos distintos autores.

-*O derradeiro cuarto do século XX*. Fundamentalmente a partires de 1975 obsérvase a proliferación dunha chea de obras sobre a condición feminina na Galiza, entre as que cómpre salientar as de Teresa Barro e María Xosé Queizán que partindo de teorías feministas distintas, tentan de definir o ideal de muller liberada futura.

Tamén será nesta época cando empecen a elaborarse algúns estudos sobre esta temática desde a propia Universidade, institución que até a década dos 80 permaneceu allea ás devanditas cuestións. Evidentemente a proliferación destes estudos tivo moito que ver coa 2.^a Xeira Feminista dos anos 60, que levou a moitas mulleres, sinaladamente ás militantes na esquerda rupturista, a cuestionarse o seu papel na sociedade.

O SÉCULO XVIII.

No século XVIII salientaremos dúas correntes:

a) *A progresista*, que defende a igualdade de capacidade entre homes e mulleres, e a aptitude destas para todo tipo de actividades. Entre estes autores salientaremos a Benito Jerónimo Feijoo, Martín Sarmiento e Vicente do Seixo.

b) *A antifeminista*, que baseándose na suposta frivolidade e incapacidade das mulleres, satiriza vicios femininos e arnosa unha oposición, ás veces feroz, á instrucción feminina. Entre os autores desta corrente salientaremos a Pablo Mendoza de los Ríos, Bernardo de Lago e Ignacio Aguayo.

A CORRENTE PROGRESISTA.

-Benito Feijoo. O frade bieito é autor dunha prolífica obra orientada a combater os erros do seu tempo. Así, en setembro de 1726 publicaba o Tomo I do seu "Teatro Crítico Universal", no que se incluía un discurso XVI co título de "Defensa de las mujeres (')."

Neste discurso o autor considera que "no hay desigualdad en las capacidades de uno y otro sexo", e tenta de defender a igualdade home-muller no entendemento e na honestidade; criticando aos que non ven ñas mulleres cousa boa algunha, e as enchen de defectos no moral e de imperfeccións no físico, acusándoas de ter un entendemento moi limitado; mentras el defende a aptitude delas para todo tipo de ciencias.

Outro aspecto da súa teoría atinxe á definición das principais cualidades características dos homes e das mulleres.

Así os homes posuirían: robustez, constancia e prudencia, mentras as características das mulleres serían: fermosura, docilidade, sinxeleza e vergoña.

Despois de facer unha análise polo miúdo e ás veces un pouco inxenua das cualidades dos dous sexos, conclue que "las cualidades en que exceden las mujeres, conducen para hacerlas mejores en sí mismas, las prendas en que exceden los hombres, los constituyen mejores, esto es, más útiles para el público". Contodo, recoñece que ás veces os homes teñen cualidades propias das mulleres e viceversa, sen clarexar a orixe destas cualidades; de maneira que nos deixa sen saber se se deben a factores biolóxicos ou culturais.

No referente á aptitude da muller para o goberno da sociedade, considera que en xeral o goberno debe estar nas mans dos homes, pois é "más conforme a la razón", á parte de que Deus mándao así.

Para el, existe unha total igualdade de entendemento entre os

O Para a elaboración desde estudo nós usamos a edición que se facía en Madrid en 1749 na "Imprenta de los Herederos de Francisco del Hierro". Concretamente o discurso XVI do tomo I vai da páxina 331 a 400.

sexos, e se as mulleres adoitan ter menos formación que os homes débese ao escaso exercicio das súas facultades intelectivas.

Critica así mesmo aos antifeministas biolóxicos, precedentes directos dos do s.XIX, que consideraban á mulier menos intelixente que o home, pola escasa magnitude da súa cabeza e corpo.

Así e todo, a perspicacia feijoniana decátase ben das contradicións do seu pensamento e chega, el mesmo, a preguntarse “si las mujeres son iguales a los hombres... porque Dios estableció el dominio y superioridad del hombre, respecto de la mujer en aquella sentencia del Génesis”.

Ante iso busca algunhas explicacións, chegando a dar respostas verdadeiramente incoherentes:

- A suxección feminina sería pena de pecado. “Y así en el estado de inocencia no la hauría”. Esta tese case pode considerarse premarxista, só con substituír o estado de inocencia pola etapa de “comunismo primitivo”.

- A muller debe estar submetida ao home porque na sociedade debe haber quen mande e quen obedeza. Rexeita así a democracia no fogar.

- Por orde directa de Deus, e os designios de Deus son inescrutábeis.

Como resumo final pode dicirse que o pensamento de Feijoo sobre a muller defínese en varios puntos:

1. ° Igualdade de capacidade entre os dous sexos.
2. ° Crítica das teses antifeministas, que considera inxustas e discriminatorias no plano ético e irracionais e falsas no plano científico.
3. ° Apoloxía da pasividade femininae da agresividade masculina.
4. ° Defensa do papel subordinado da muller na sociedade, aínda recoñecendo que non ve causas racionais para isto.

E aí onde pode verse o continuo conflito que sufría Feijoo entre a análise racional das cousas e as teses reveladas supostamente por Deus, que como bo cristián non debía contradicir.

- *Martín Sarmiento*. É un polígrafo de enorme erudición, que conta con obras fundamentais nos campos da filosofía, historia natural, historia e filoloxía, polo que podemos considéralo como un dos grandes precursores da maioría das ciencias modernas.

No referente á cuestión feminina, M. Sarmiento saíra en defensa do seu mestre, Feijoo, coa publicación dunha obra ⁽²⁾ na que se fai unha defensa enormemente lúcida da igualdade intelectual dos homes e das mulleres.

En moitos párrafos reproducése case ao pé da letra o pensamento do P. Feijoo, coma cando di, que sobre as mulleres é do que hai máis erros de entendemento e prexuízos inxustificables.

Para el, a diferenza entre homes e mulleres non é natural, pois non provén da natureza senón da educación.

Crítica con dureza aos filósofos que tentan de excluír á muller da especie humana e aos que defenden a desigualdade entre os sexos baseándose en teorías relixiosas ou en presupostos fisiolóxicos (antifeminismo biolóxico).

A nivel intelectual defende a igualdade home-muller e pensa que as diferenzas débense a factores culturais e non polo sexo, pois “si las educaciones se trocasen serían los hombres afeminados y las mujeres varoniles”.

De todos os xeitos pensa que hai diferenza ñas características primordiais dos homes e das mulleres, xa que as cualidades destas serven para facelas mellores en si mesmas, mentras as dos homes contribúen a facelas máis útiles á sociedade.

O P. Sarmiento denuncia a actitude submisiva e de aceptación da subordinación por parte das mulleres, así como o autoodio, considerando que son elas as que teñen que defender os seus dereitos.

Por todo iso poderíamos considéralo como un verdadeiro (*)

(*) Sarmiento, Martín. “Defensa de las mujeres. Discurso XVT”, en *Demostración crítico-apológica del Teatro Crítico Universal, que dio a la luz el R.P.N. Fr. Benito Gerónimo Feijoo*. Madrid, Imprenta de la Viuda de Francisco del Hierro, 1732. 35 páxinas.

precursor do feminismo contemporáneo.

-*Vicente do Seixo*. Este ilustrado galego (Ourense, 1747 - Madrid, 1802) é autor, entre outras obras, dunha na que analiza o papel da muller na sociedade (3).

O escritor ourensán critica a ociosidade e ignorancia na que se ten deixado ás mulleres e considera fundamental o acceso do sexo feminino á instrución, xa que así sairían beneficiados os fillos, o marido e o Estado, pois esas nais mellorarían a especie humana e farían felices ás familias, enriquecendo a patria de “ciudadanos robustos, virtuosos e útiles para la defensa, conservación y prosperidad”.

Esta instrución contribuiría tamén a que elas non se aburrirán no seu retiro doméstico, diminuíndo polo mesmo as horas de tocador e a súa paixón polas modas extravagantes e caras.

Outra das ideas clave da súa obra é a atribución acrítica de certas actividades ás mulleres, en razón ao seu sexo.

Así, para el, os trabados da crianza e coidado dos fillos deben encomendarse exclusivamente ás mulleres, o mesmo que o goberno interior da casa.

Pide en xeral unha maior liberdade e educación para o sexo feminino, cara a acadar “la mujer fuerte que teme a Dios”; aínda que tamén deixa claro que “su destino la saca fuera de los exercidos varoniles, pero no la excluye absolutamente de ellos: y esto mismo la hace más dulce, más bella, más hechicera y encantadora para el hombre virtuoso”.

A hora de facer unha avaliación global do pensamento desde ilustrado, salientaremos fundamentalmente as súas constantes contradicións. Se tivéramos que definilo, diríamosque nos atopamos diante dun ecléctico, que se por un lado defende a igualdade teórica de capacidade entre os sexos, doutra banda considera absolutamente

(3) Seixo, Vicente de. *Discurso filosófico y económico político sobre la capacidad o incapacidad de las mujeres para las ciencias y las artes...* Madrid, Imp. de Repullés, 1801. 180 páxinas.

xusta, e non se a cuestiona en absoluto, a idea de que a muller debe vivir no seo do fogar sob o poder do marido.

A CORRENTE ANTIFEMINISTA.

A diferenza da anterior, que tenta de criticar as eivas da sociedade da época con respecto ao tema muller, cara a harmonizar os desaxustes e desequilibrios sociais en base á defensa do predominio de clase e dos principios dominantes, a corrente antifeminista resúmese en sátiras e diatribas contra da suposta frivolidade e falta de recato das mulleres, sen analizar a fondo as causas desa situación.

Defensores teimudos do “statu quo”, añoran un mundo ficticio e ideal, sen pararse a pensar que ese mundo dos seus soños levaba implícita a negación dos dereitos e da dignidade como persoas, do sexo feminino.

Sinalaremos fundamentalmente dúas obras e tres autores: Pablo Mendoza de los Ríos, Ignacio Aguayo e Bernardo de Lago.

-Pablo Mendoza de los Ríos. Este autor, do que case non se sabe nada, lía en 1731 na Academia Compostelana un discurso, que sería posteriormente editado (4).

Defensor da tradición e da aristocracia, postula o principio de que cada un debe de estar no seu lugar, criticando con dureza e acritude ás mulleres que viven dun xeito que non corresponde á súa clase.

Os homes serían dun sexo superior ás mulleres: pois mentras eles son semellantes a Deus, a muller aseméllase ao home; aínda que paradoxicamente “tienen más estimación y se las agasaja más a las mujeres”.

As cualidades femininas prototípicas serían: bondade, fermo-

(4) Mendoza de Los Ríos, Pablo. ‘Tratamiento de Señoras. Discurso XIV’, en *Theatro de la Academia Compostelana*. Santiago, 1731. 11 páxinas.

sura, piedade, mansedume e afabilidade.

A fermosura, ao que parece, falta no home, pero é miragre que non a teña a muller.

A conclusión de todo isto pode ser, que nos atopamos diante dun autor de enorme frivolidade e superficialidade, que fornece o seu discurso de tópicos e afirmacións baleiras de contido, como por exemplo na definición de beleza, pois o autor non é quen de abstraerse á súa condición de membro do sexo masculino.

-Bernardo de Lago e Ignacio Aguayo. Pouco se sabe destes dous autores, fóra de que o segundo tiña unha imprenta en Santiago a fins do século XVIII. Ambos os dous colaboraron nunha obra ⁽⁵⁾ de 76 páxinas, facendo Ignacio Aguayo unha especie de limiar (discurso moral) dunhas 49 páxinas, que insólitamente abrangue máis espazo e aporta un contido máis denso que o “Monitorio” propiamente dito, escrito en malos versos por Bernardo de Lago.

A obra resposta á preocupación, moi común en certos ambientes da sociedade galega do derradeiro tercio do s.X VIII, pola crecente proliferación dun luxo desaforado nas mulleres de clase acomodada.

Considera que a institución matrimonial está en perigo por causa do luxo, do cortexo e tamén porque “las mujeres hoy en día se han levantado con el mando” e non escoitan “con sumisión la voz de Dios, que las intima expresamente la obediencia, i omenage que ha de rendir a su marido”.

Bernardo de Lago da aos homes un ronsel de consellos sobre con que mulleres casar e coas que non, consellos que podemos resumir nos seguintes:

1.º Os vellos non deben casar, pois a muller “anhelando mejor suerte, no espera sino tu muerte para darse buena vida”.

⁽⁵⁾ Aguayo, Ignacio e Lago, Bernardo de. *Monitorio en verso a las solteras para la elección de consorte, con un discurso moral de su editor sobre la vocación al matrimonio, i la causa única i verdadera de sus intestinas discordias para instrucción y desengaño de la juventud.* Santiago, Imp. de Ignacio Aguayo, 1787. 76 páxinas.

2. ° Non se deben escoller por esposas ás mestras, pois as ilustradas non adoitan facer caso do marido.

3. ° Tampouco son boas para esposas as moi amigas do cortexo.

A oposición destes autores á instrución feminina, vese nidia cando nos din que os trabados que a muller dedica a instruírse “son tiempo mal gastado en que sus discursos trueca, i olvida los de la rueca, que es donde luce lo hilado”.

En resumo e facendo unha avaliación final do pensamento destes dous publicistas, podemos situálos na corrente máis tradicionalista, defensores do mantemento das diferencias sociais entre o home e a muller en prexuízo da segunda, e partidarios da volta os “venturosos” tempos dos Austrias, nos que se defendía unha muller recatada e pudorosa, que pasaba o día traballando na roca e á que lle importaban ben pouca cousa os coñecementos científicos.

O SÉCULO XIX.

Malia de que o século XIX significa en moitos casos unha toma de conciencia sobre o papel social da muller, fundamentalmente a partires do derradeiro tercio mercê ao labor do Krausismo, da I.L.E. e da intensa actividade de grupos de intelectuais, actividade que na Galiza terá os seus alicerces na proliferación de debates en Casinos, Ateneos e Liceos nos últimos anos da década dos 50 e primeiros 60, como os famosos do Ateneo de Coruña e Liceo de Pontevedra; contodo non son moitos os libros que estudan a problemática feminina ao longo do século.

Este aparente contrasentido coidamos que pode explicarse pola crecente importancia acadada pola prensa periódica a partires da década dos 40; pois será esa prensa o foro no que na maioría das veces se debatan os temas máis candentes e de actualidade, pasando neste caso o libro propiamente dito a un lugar secundario.

Así o que coñeza, aínda que só medianamente, a prensa deste período podera decatarse de que o tema “muller” e o papel que lle debe corresponder socialmente aparece reflectido unha e outra vez

nas páxinas dos nosos xomais, formando parte dunha polémica máis ampla sobre a conformación da futura sociedade a partires da “revolución burguesa”.

A década dos 40 é, como xa dixemos, de fonda ferventia ideolóxica na nosa nación, xurdindo agora unha chea de publicacións vencelladas ao progresismo cuns xermolos de socialismo utópico e pre-galeguismo.

Esta ferventia provocará fitos tan senlleiros como a aparición do primeiro xomal supostamente dirixido ás mulleres: “El iris del Bello Sexo” (Santiago, 1841) ou a defensa na Academia Literaria de Santiago no primeiro trimestre de 1842 de dúas proposicións en defensa de emancipación feminina por parte de Antolín Faraldo e de Suárez.

Xa no referente a libros propiamente ditos, cóstanos a circulación de obras, que por estas datas trataban a temática feminina dun xeito moi progresista.

Concretamente, tanto Soto Freire como A. Couceiro Freijomil fálannos de que Jacobo de Araujo, xomalista de Sada, tiña publicado a fins dos anos 50 na imprenta de Taxonera en Ferrol, unha obra chamada “Análisis de la mujer” que mereceu ser prohibida polos bispos de Mondoñedo e Astorga, con seguridade mercé ao seu progresismo.

Tamén José Rúa Figueroa semella ter inédita unha obra, hoxe desaparecida que se titularía “Historia de la prostitución en todas las sociedades y naciones” (6).

Do período correspondente ao 2.º tercio do século XIX conservamos dúas obras, que podemos incluír neste apartado, unha da autoría de Camilo Fernández e outra de José Cao Cordido, ñas que se dedican varios capítulos á cuestión feminina.

Trátase de dous autores, que son continuación das correntes que

(6) Para estas cuestións véxase a nosa tese de doutoramento: *A muller na sociedade galega contemporánea, 1868-1939. Concepcións teóricas e realidade cotiá*. Santiago, Universidade, 1991, páx. 75 a 77.

sinalabamos no século XVIII.

- *Camilo Fernández*. Este autor, do que case non se coñecen datos biográficos, daba ao prelo en 1850 unha miscelánea (7), na que se inclúe un capítulo enteiro dedicado á muller, co título de “Curiosidades relativas al bello Sexo”, dividido en varios epígrafes.

Así, en “Anales de la vida de una solterona” tenta de pasarse revista á vida dunha muller burguesa desde que nace aos sentementos do amor (aos 15 anos) até a súa morte, pasados xa os 50.

Ano a ano vains deseñando o autor o transcorrer vital desa muller, salientando fundamentalmente a súa inconstancia e frivolidade.

Aos 26 anos a moza solteira comeza a ver perigar as posibilidades de casorio, mentras aos 29 perdeu xa as poucas esperanzas.

Paseniñamente, ao ver que transcorren os anos e non casa, o seu humor acédase e vaise avinagrando, para rematar sendo unha cotilla e unha maldicente.

Este tipo de “anais” influirán directamente na obra de autores posteriores coma Julio Ballesteros Curiel.

O seu ideal feminino resúmeo en dúas vertentes: comportamento e características físicas.

No referente ao comportamento a muller debe reunir tres condicións:

1. ° Gardar constantemente a súa casa e ser pouca gastadora.
2. ° Ser pouco faladora, contestando soamente cando lie pregunten.
3. ° Ser dilixente e facendosa.

O seu ideal físico resúmese en:

- Mans, cute e dentes brancos.
- Ollos, cellas e pestanas negras.

(7) Fernández, Camilo. “Curiosidades relativas al bello sexo”, en *Historia de la vida del género humano sobre su propagación, fecundidad, mortalidad, etc, seguida de un cúmulo de curiosidade... Extractado de las mejores obras de autores célebres, científicos o eruditos, refundido, comentado y adicionado, considerablemente*. Santiago, Imp. de Juan Rey Romero, 1850, páx. 32 a 36.

- Beizos, meixelas e uñas rosadas.
- O van, as mans e os cabelos longos.
- Os dentes, as orellas e os pés curtos.
- Os peitos, a fronte e as sobrancellas anchas.
- A boca, o van e o pé estreitos.
- Os brazos, as coxas e as pernas gordas.
- O seo, a cabeza e o nariz pequenos.

A hora de facer unha análise de conxunto diremos que se trata dunha obra enormemente frívola, con certas reminiscencias da de Mendoza de los Rios, e que defende un ideal feminino tradicionalista e vencellado á literatura antifeminista española de época.

-*José Cao Cordido*. Este crego mindoniense publicaba en 1856 unha obra ⁽⁸⁾ en dous volumes na que se fai unha análise sobre o papel social da muller, seguindo a liña do P. Feijoo e Martín Sarmiento.

Nela inclúe reflexións xerais sobre as facultades corpóreas e mentais do ser humano, así como unha análise sobre as diferentes profesións e actividades de homes e mulleres.

O varón debe ser cabeza da muller e da familia doméstica “de la que es tronco y fundador”, aínda que non por iso teña que abusar da fémia.

A muller incumbiría o goberno da casa, o seu aseo, orde e economía, mentras o marido debe encargarse dunha ocupación decente, que lle proporcione o sustento á familia. Para Cao Cordido isto sería “ley dictada por la misma naturaleza, intimada por la razón, confirmada por el ejemplo desapasionado de los animales”.

Nos capítulos vintete, vinteoito e vintenoventa do volume I analiza máis polo miúdo o concepto “muller”, que define como “apéndice del hombre y su primera víctima”.

⁽⁸⁾ Cao Cordido, José. *Epicilegio. El hombre. Reflexiones filosóficas acerca del hombre considerado en general y en los diferentes estados de la sociedad culta*. Ferrol, Imp. de Taxonera, 1856. 2 volumes (195 follas o primeiro e 160 o segundo).

Ela sería un ser fermoso, delicado, sensible e amante dos praceres, que “no vive sino al arrimo del hombre, cuyo amor procura captar con todo estudio”.

Avalía así mesmo moi positivamente o papel social da mulleren tanto que esposa e nai.

Critica a falta de dereitos que lie impiden participar en paridade co home no goce da cultura e dos bens, pois considera que elas son criaturas racionais o mesmo que o home e con similar capacidade á do sexo masculino.

Arremete tamén con dureza contra dos antifeministas, que atribúen ás mulleres toda caste de vicios e chatas, rebatendo, un por un todos os seus argumentos, á maneira do que fixeron no s.XVIII, Feijoo e Sarmiento.

Na mesma liña, aínda que nunha postura máis combativa, está Filomena Dato Muruais.

-Filomena Dato Muruais. Poetisa ourensá que en 1891 publica unha obra O na que, seguindo casé ao pé da letra ao P. Feijoo, critica aos “homes que á muller culpades d’ os crimes que cometedes e decís que d’as disgracias sempre son causa as mulleres”.

Ela rebate a eses homes, pois no fondo na maioría das circunstancias en que as mulleres aparecen como culpables (Eva, La Cava, etc), sempre hai algún home que actúa de causante da situación.

Arremete tamén contra Almarico, aristotélico francés do s.XII, que chegou a afirmar “qu’en castigo d’os pecados nacen mulleres á centos, pois s’o home conservase o seu estado preteuto de nocenza, nacerían homes tan solo d’afeito”.

Desprezia fundamente “aos que negan á muller intelixencia e talento”, pois ela ve a causa da ignorancia da maioría das mulleres en que “nunca tiveron ensino”.

A desigualdade de entendemento entre os sexos atribúea a que

(⁹) Dato Muruais, Filomena. "Defensa das mulleres" , en *Foliatos*. Ourense, 1895, páx. 7 á 22.

“o entendemento d’os homes con cuidado se cultiva e cuasque todos reciben d’a instrucción a luz diviña, e cicaes de cada mil un tan soilo s’illumina: na mentres que d’as mulleres son muy poucas instruidas i as que reciben a luz coma eraros soles brillan”.

En conxunto atopámonos diante dunha autora enormemente crítica coa situación social da muller, coñecedora perfecta dos presupostos do antifem inismo científico e seguidora do pensamento dos ilustrados galegos do século XVIII: Feijoo e Sarmiento.

Contodo, non hai aínda una análise fonda e rigorosa nin unha proposición coherente de solucións a esa situación.

Ese paso daríao Concepción Arenal, autora de enorme capacidade crítica pero de importantes contradicións no seu pensamento.

-*Concepción Arenal*. Amén de en múltiples artigos de revistas e en intervencións en congresos pedagóxicos, a autora ferrolá analiza a situación da muller en España en dous libros: “La mujer del Porvenir” (Madrid, 1868) e “La mujer de su casa” (1881) ⁽¹⁰⁾.

Nestas obras, entre outras cousas deféndese o dereito da muller ao trabado, sempre e cando ese trabado non de esixa moita forza física nin perxudique a súa afectividade.

Sobre a instrucción ataca o modelo español onde os labores ocupan case todo o tempo.

Na súa defensa do dereito das mulleres á educación arreponse contra do fisiólogo austríaco Gall e contra todos aqueles que baseándose en argumentos fisiolóxicos, tentan deducir de aí unha suposta inferioridade intelectual feminina.

A pesares de que todas estas opinións poden considerarse certamente progresistas, así e todo fai algunhas concesións ao tradicionalismo:

1.º Considerando á muller máis afectuosa por natureza.

⁽¹⁰⁾Para a elaboración destas liñas estámonos a servir da compilación titulada “La emancipación de la mujer en Espana” (Madrid, Biblioteca Júcar, 1974), edición ao cargo de Mauro Armiño.

2. ° Defendendo a autoridade marital.
3. ° Postulando a exclusión da muller dalgunhas profisións.
4. ° Negando dereitos políticos as mulleres.
5. ° Dubidando sobre a igualdade de intelixencia entre os sexos.

Resumindo todo isto, diremos que no caso de Arenal hai por vez primeira un intento sistemático de analizar a situación social da muller da súa época, esquecéndose de arqueoloxías e lembranzas dos vellos tempos moi ao gusto dos ilustrados do XVIII, aínda que así e todo segue habendo inconsecuencias e contradicións, pois a rigorosa ortodoxia e a pertenza á clase dominante non lie permitían postular as solucións radicais que compría.

A única vision sobre a vida cotiá da muller galega no derradeiro tercio do s.XIX é a que aporta unha obra colectiva sobre as mulleres españolas, portuguesas e americanas (“)•

Nesta obra faise un estudo sobre a vida das galegas tomando como base a división provincial.

Así, Femando Fulgoso colabora no volume primeiro con "La mujer de la provincia de La Coruña" (páx. 297 a 315).

No volume II fálase das outras tres provincias galegas. Manuel Vázquez de Parga (Conde de Pallares) estuda "La mujer de Lugo" (Páx. 123 a 141), Manuel Murguía reférese a "La mujer de Orense" (Páx. 233 a 249) e Claudio Cuveiro fai "La mujer de Pontevedra" (Páx. 283 a 305).

Nestes estudos, aínda que dun xeito moi desigual descríbese a vida cotiá das mulleres galegas dunha maneira moi realista, aínda que ás veces caen en romantismos de mais.

Concretamente, todos salientan a gracia e donaire das mulleres de clase acomodada, así como a dureza da vida das campesiñas e

(^u) V.V.AA. *Mujeres españolas, portuguesas y americanas tales como son en el hogar domestico, en los campos, en las ciudades, en el templo, en los espectáculos, en el taller y en los salones. Descripción y pintura de carácter, costumbres, traje, usos, religiosidad, belleza, defectos, preocupaciones y excelencias de la mujer de cada una de las provincias de España, Portugal y América Española.* Madrid, Imp. de D. Manuel Guijarro, 1872-1873 (2 volumes).

pescantinas.

De salientar son especialmente os estudos de Manuel Murguía dedicados a Ourense e de Claudio Cuveiro a Pontevedra.

Para Murguía, a ourensá defíniríase pola suavidade e dozura do seu carácter e pola franqueza do seu trato; amén de subliñar o duro traballo das labregas e o costume das mozas de clase media de 1er novelas románticas.

Aludindo á proliferación de fillos naturais, xustifícaa no grande déficit de homes, debido fundamentalmente á emigración. Claudio Cuveiro, pola súa parte, fai un achegamento á realidade feminina pontevedresa por estratos sociais: labregas, vendedoras de peixe, artesanase mulleres de clase acomodada; que coidamos fundamental para o coñecemento da vida cotiá.

O PERÍODO 1900-1930.

Será nesta época cando proliferen multitude de obras con temáticafeminina, fenómeno paralelo ao auxe dos debates feministas no noso país e ao crecente acceso da muller á instrucción e ao mercado laboral.

Contodo, a meirande parte destas obras sitúanse no que podemos chamar corrente antifeminista, oposta aos cambios sociais que se estaban a producir.

Neste capítulo analizaremos concretamente a obra de catorce autores: Roberto Nóvoa Santos, que podemos definir como un antifeminista científico; Francisco Ponte y Blanco, Juan Barcia Caballero, Samuel Eijan, María Castro Lago, Antonio López Carballeirae Ramón Buide Laverde, representantes do cristianismo máis reaccionario e defensores teimudos da situación social da muller tal e como estaba nese momento.

Ramón Méndez Gaité representa un cristianismo máis aberto, que se laia do estado de opresión en que vive a muller en todas as sociedades e defende o papel liberador da mensaxe cristiá; Victoriano Suances é aínda máis crítico co papel social da muller e sitúase

abertamente nacorrente feminista; Julio Ballesteros Curiel oriéntase á frivolidade nunha especie de anais que, como veremos, son moi semellantes ao que tiña feito Camilo Fernández; Leandro Carré Alvarellos, pola súa parte, crea unha obra de ficción que tenta de ser o imaxinario xomal dunha moza burguesa vida a menos; Eliseo Sández Otero e Adolfo Revuelta Fernández estudan fundamentalmente aspectos hixiénicos, mentras que Augusto Bacariza Varela analiza con ecuanimidade na súa tese de doutoramento a situación da muller casada e a disposición dos rendementos do seu trabado.

-*Roberto Nóvoa Santos*. O insigne endocrinólogo galego, obsesionado por defender a inferioridade feminina e a inconveniencia de que as mulleres se dedicaran ao estudo, dedicou moitas horas do seu tempo a tentar de demostrar cientificamente os seus prexuízos. Para iso publicou dúas obras, unha en 1908 ⁽¹²⁾ e outra en 1929 ⁽¹³⁾.

En xeral podemos seguir a evolución do seu pensamento, comparándoas. Esta evolución darase no concenrente ás bases do seu antifeminismo, nunca no plano ideolóxico.

En “Laindigencia espiritual...”, partindo de estudos anatómicos e psicolóxicos, deduce a idea da pobreza mental das mulleres.

Incardinado no pensamento pseudocientífico centro-europeo, considera que a menor magnitude do cerebro feminino serve para asegurar a conservación da especie, pois se a intelixencia da muller fora maior asistiríamos á despoboación do mundo.

A inferioridade feminina, á parte de pola menor capacidade do seu cerebro, confirmárase tamén polo seu menor desenvolvemento nos centros de asociación (tese debida a Rudiger), pola maior sensibilidade e aínda pola maior lonxitude dos cabelos.

⁽¹²⁾ Nóvoa Santos, Roberto. *La indigencia espiritual del sexo femenino. Las pruebas anatómicas, fisiológicas y psicológicas de la pobreza mental de la mujer*. Valencia, F. Sempere, 1908. 202 páxinas.

⁽³⁾ Idem. “La posición biológica de la mujer”, en *La mujer nuestro sexto sentido y otros esbozos*. Madrid, Biblioteca Nueva, 1929. 63 páx.

Todas estas teses contradinse constantemente e teñen o raro mérito de volverse en moitas ocasións contra do propio autor.

En “La mujer nuestro sexto sentido...” mantéñense os mesmos principios, aínda que agora recoñécese á mulier capacidade para as mais altas funcións intelectivas e introdúcense algunhas novidades, mercê á influencia da obra de Otto Weininger e Freud.

Estes son a grosso modo os principios nos que se basea o pensamento de Roberto Nóvoa Santos (14).

Se o antifeminismo pseudocientífico tiña a misión de afortalar o patriarcado, dentro do campo católico hai tamén un ronsel de autores que tentan de defender os postulados da ideoloxía dominante.

Así, temos por un lado a Francisco Ponte y Blanco, que defende e salienta o importante papel que debe xogar a muller como educadora da infancia, xa que “la mujer tiene en su corazón, inagotable misericordia para consolar a los que lloran y una firmeza de fe en su alma cristiana, para rendir a los espíritus rebeldes y desesperados” (15). Cunha obra moi semellante está Juan Barcia Caballero (16).

Antonio López Carballeira, pola súa parte, publicaba en 1910 unha obra (17) na que nun ton ultrarromántico calificábase á muller de enigmática, escura, variable, indecisa, inaprensible e á vez insignificante e grandiosa.

Oponse con acritude ao feminismo moderno, que considera “un absurdo vestido con la piel de una quimera” e considera que filosóficamente a muller ten dereitos semellantes aos do home,

(14) Para quen queira unha maior documentación, remitímolo ao noso libro “Lembranzas dun mundo esquecido. Muller, política e sociedade na Galicia Contemporánea”. Santiago, Edicións Laiovento, 1993, páx. 61-64.

(15) Ponte y Blanco, Francisco. *Cultura y puericultura. Su importancia e influencia educadora de la mujer en estos problemas sociales*. Coruña, Tip. e Papelería de F. García Ybarra, 1911. 24 páxinas.

(16) Barcia Caballero, Juan. *Misión docente y misión social de la mujer*. Santiago, Tip. “El Eco de Santiago”, 1914. 27 páxinas.

(17) López Carballeira, Antonio. *La mujer*. Santiago, Tip. de “El Eco de Santiago”, 1910. 46 páxinas.

aínda que debe estar subordinada a el.

De feito, para este autor, na sociedade o varón é a forza, mentras a muller sería a beleza.

No referente ás actividades que el reserva ás mulleres, estas circunscríbense ao papel de virxe, esposa e nai, tendo por norte ou ideal o da Virxe María.

Ramón Buide Laverde, pola súa parte⁽¹⁸⁾, postulaque as mulleres deben decatarse da trascendencia dos seus actos na batalla, que ao seu entender, se libra “entre el bien y el mal”.

Arremete contra da frivolidade, as modas femininas escandalosas e o luxo inmoderado, á maneira dalguns autores franciscanos como o P. Lestón ou P. Figueiras, que se inchaban de fustigar o sensualismo da época.

Considera, así mesmo, que unha das actividades sociais ás que pode encararse a muller é a caridade cristiá e o apostolado social.

Samuel Eiján desenvolve máis polo miúdo o derradeiro aspecto citado do estudo de Buide Laverde. Así, no capítulo VII da súa obra sobre a Xuventude Antoniana, titulado “La mujer en la Juventud Antoniana” ⁽¹⁹⁾ analiza a actividade social feminina, considerando fundamental o papel da muller católica “en lasolución del problema religioso-social, alma y vida de todas las luchas contemporáneas”.

Defende a necesidade de levar a cabo un intenso labor de cristianización das mulleres, pois as novas liberdades poden proveitalas os inimigos da Igrexa para atraer e captar ao sexo feminino. Por iso compre apoiar o xurdimento dun feminismo católico, “que sirva de dique de contención del feminismo incrédulo y baluarte que sostenga, a un tiempo mismo, los derechos augustos de la mujer y los de la sociedad, que nace en sus brazos”.

Este feminismo católico defenderá un ideal de muller como

⁽¹⁸⁾ Buide Laverde, Ramón. *Mujery patria (Bocetos sociales)*. Santiago, Tip. “El Eco Franciscano”, 1925. 50 páxinas.

⁽¹⁹⁾ Eiján, Samuel. *La Juventud Antoniana en la vida social*. Santiago, Tip. “El Eco Franciscano”, 1914.

guieira familiar, tentando de convertilas en amas de casa modélicas, afastadas das diversións mundanas e encargadas do espallamento dos ideais católicos.

Nunha mesma liña, mais asumindo posturas extremistas, atópase a obra da mestra de Redondela, María Castro Lago (20).

Para esta autora, a muller é por natureza unha eficazísima modeladora de corazóns, polo que considera fundamental para o progreso dos pobos, que a xuventude feminina reciba gradualmente “la educación conveniente a su sexo”.

Hai unha clara oposición á coeducación, mercé á “gran discrepancia que existe entre ambos sexos, no sólo por las diferencias naturales, sino también por el diverso género de vida y la diversa misión que tienen que desempeñar en el mundo”.

A muller sería todo corazón e o home todo cabeza “y no se diga que es porque la educamos así. Al contrario, para que sea de otra manera... es preciso torcer sus inclinaciones y que deje de ser por artificio, lo que es por naturaleza”.

María Castro opónse a que o home e a muller teñan os mesmos dereitos e os mesmos deberes, pois esa igualdade sería contraria á natureza, ao benestar e á harmonía das forzas sociais.

Postula que a muller debe educarse cara ao fogar exclusivamente e as únicas actividades extradomésticas que admite son as orientadas á asistencia social, ficando o exercido profesional para mulleres excepcionais con talento e vocación irresistíbeis.

Arremete, así mesmo, con acritude contrado feminismo moderno, aínda que en vez de rebátelo, desfógase con viscerais e histéricas afirmacións na liña do catolicismo ultramontano, citando a autores como Joseph de Maistre.

Máis matizada e moderada resulta a obra do médico Eliseo Sánchez Otero (21).

^{f20)} Castro Lago, María. *La mujer educadora y el progreso social*. Tui, Tipografía Regional, 1919. 54 páxinas.

^{f21)} Sánchez Otero, Eliseo. *Higiene corporal y moral de la mujer*. Coruña, Imp. Moret, 1927. 109 páxinas.

Nesta obra, presentada en forma de cartas que un médico dirixe a unha suposta nai, que pide consello sobre como educar á filia, o autor defende que “la instintiva inclinación de la niña a juegos y entretenimientos de su sexo ha de ser favorecida y estimulada con insistencia”, pois o exercicio das facultades latentes, perfecciona a súa confirmación. Nisto amósase debedor da obra de Roberto Nóvoa Santos.

Prevén contra do abuso de coñecementos, pedindo tamén que se vixien os contactos das rapaciñas eos seres do outro sexo; apostando por unha defensa da virxindade e da santidad do matrimonio.

Fai así e todo, unha concesión ás reivindicacións feministas, criticando a dependencia económica da muller, que a coloca “en obligada cliente, en fatal tributaria de la hegemonía del varón, colócala en situación pasiva, de socorro y protección con detrimento del decoro del sexo y riesgo de su prestigio biológico”.

En resumo, considera moi positiva calquera actividade feminina, sempre e cando non magoe o pudor.

Ramón Méndez Gaité, pola súa parte, pública unha obra ⁽²²⁾ na que se analiza a cuestión feminina ao longo da historia, salientándose o importante papel xogado polo cristianismo na emancipación das mulleres.

Seguindo ao teórico marxista August Bebel, este autor cristián analiza a dependencia feminina en todas as culturas, atribuíndo as orixes desta eiva a causas fisiolóxicas (embarazo, parto e cría dos fillos) que provocarían que a muller prehistórica pasara a depender do macho. Só co cristianismo se comenzaría a darlle a volta á situación, que paseniñamente iría evolucionando ao longo dos dous últimos milenios até chegar ao século XIX, que sería o grande século da emancipación feminina.

A situación da muller contemporánea estúdaa perfectamente

⁽²²⁾ Mendez Gaité, Ramón *.Influencia del cristianismo en la dignificación de la mujer.* Ourense, Imp. de “El Eco de Ourense”, 1909. 23 páxinas.

Victoriano Suances, autor que na liña do P. Feijoo e Sarmiento, tenta de conciliar o tradicionalismo cunha progresiva adaptación aos novos tempos (23).

Critica o feito de que a muller “no puede apenas ser empleada y aunque se le consiente el estudio de ciertas carreras, tiene cerradas las puertas al ejercicio de la mayor parte de las profesiones”.

Parécelle verdadeiramente inxusta a idea de que a finalidade única da muller é ser nai, “como hipocritamente decimos cuando pensamos en su posesión”.

Tamén podemos calificar de progresistas as súas ideas sobre a seducción feminina, nas que considera inxusta a opinión dominante que tende a culpar á muller seducida e a absolver ao seductor.

Critica, así mesmo, con dureza aos que postulan a inferioridade feminina baseándose en causas fisiolóxicas, e defende a instrución feminina e as actividades extradomésticas, que lie perm itan proveer á súa subsistencia.

Todo iso tenta de concilialo co exercicio do seu papel de nai, papel que considera fundamental, xa que “la maternidad es indudablemente el doctorado de la mujer”.

Resumindo todas estas afirmacións, coidamos atopamos diante dun autor que habilmente tenta de asumir as mensaxes da modernidade en beneficio da ideoloxía dominante.

Amén dos autores e obras citadas que consideramos fundamentais para entender os debates sobre a cuestión feminina no período, debemos mencionar aínda a outros tres, que estudan aspectos moi puntuáis.

Leandro Carré Alvarellos, en “O Xomal de Mavi”, preséntanos un relato en forma de diario dunha moza de clase media (24), Adolfo Revuelta Fernández, profesor de ximnasia na Escola Normal de

C23) Suances, Victoriano. *A las mujeres. Injusticias de los hombres*. Ferrol, Imp. “El Correo Gallego”, 1917. 161 páxinas.

i24) Carre Alvarellos, Leandro. *O xomal de Mavi*. Collección “Lar” de novela curta, n.º36. Agosto. 1927. 29 páxinas.

Mestres de Santiago, defende a necesidade de que a muller practique exercicios físicos, pois iso irá en beneficio da súa saúde, e o que é mais importante, da dos seus fillos (25).

Julio Ballesteros Curiel é autor dunha especie de diario dunha solteirona, ano a ano, que lie serve para criticar a frivolidade das mozas burguesas da época (26).

Finalmente, Augusto Bacariza Varela, na súa investigación (27), pasa revista á situación de inferioridade socioeconómica das mulleres ao longo da historia e defende “el reconocimiento del derecho de la mujer casada a disponer libremente del producto de su trabajo, sin pejuicio de contribuir en la proporción debida a los gastos del hogar”.

O PERÍODO 1931-1936.

Durante a etapa republicana, e a pesares de ser o intre no que se concede o sufraxio feminino sen cortapisas de ningún tipo e toman carta de natureza algunhas novas actitudes diante de cuestión feminina; contodo, na Galiza unicamente temos localizado tres obras que toman como obxecto de estudo a situación social das mulleres, aínda que posuímos noticias doutras, hoxe perdidas, como as de María Morandeira.

As causas desta paradoxa habería que velas, amén de na curta duración da 2.^a República, no papel preponderante acadado pola prensa sobre o libro propiamente dito, feito consubstancial ás épocas de maior ferventia ideolóxica, como xa fora o caso das

²⁵ Revuelta Fernandez, Adolfo. *Educación física de la mujer*. Santiago, Esc. Tip. Municipal, 1906. 15 páxinas.

²⁶ Ballesteros Curiel, Julio. *Como piensan las solteras desde los 14 hasta los 49 años*. (2 volumes). Pontevedra. Imp. Hermanos Antúnez, 1919-1920. 141 páxinas o primeiro volume e 151 o segundo.

²⁷ Bacariza Varela, Augusto. *La mujer casada y el producto de su trabajo*. Santiago, Tip. “El Eco de Santiago”, 1911. 79 páxinas.

décadas centrais do século XIX.

Das tres obras localizadas, unha aposta decididamente pola equiparación dos sexos, mentras as outras dúas opófiense terminantemente.

A pedagoga coruñesa María Barbeito Cervino publicaba en 1934 unha obra ⁽²⁸⁾, que era a transcripción dunha conferencia pronunciada na sede da Agrupación Republicana Feminina de Coruña o 19 de Maio de 1934.

Despois de pasar revista á deplorable situación da muller ñas diversas sociedades ao longo da historia, critica moitas das eivas do momento presente.

Considera gravísimo e inxusto o feito de que ñas últimas eleccións case non houbera candidatas, e non só iso, senón que as deputadas da lexislatura anterior que máis loitaran polo recoñecemento dos dereitos da muller, perderán o seu escaño.

A pesares de recoñecer os innegábeis éxitos do goberno republicano, critica a inxusta situación legal da española, ao tempo que salienta as loitas feministas, que desgraciadamente tiñan os maiores inimigos nas propias mulleres.

Sae así mesmo ao paso das opinións dos antifeministas pseudocientíficos, aos que rebate contundentemente.

Defende a capacidade da muller para o disfrute de todos os dereitos inherentes ao ser humano, sen ningún tipo de distinción.

Pide equiparación de dereitos dentro do matrimonio, ademais dunha moral única para os dous sexos, e reclama tamén a equiparación de salarios polo mesmo trabado: “a igualdade de obrigacións e responsabilidades, igualdade de vantajas” e a coeducación como paso fundamental cara a ese necesario cambio social.

Así e todo seguen a pervivir nela opinións certamente tradicionais ou, ao menos, sospeitosas, pois, seguindo a Concepción Arenal,

^{f28)} Barbeito Cervino, María .*La mujer, antes, ahoray después*. A Coruña, Tipográfica Obrera, 1934. 31 páxinas.

chega a mitificar á muller, considerándoa máis apta para o exercicio dun conxunto de profisións que dependen fundamentalmente da sensibilidade.

Nunha liña máis tradicionalista sitúase a obra de Carlos Taboada Tundidor⁽²⁹⁾.

Este avogado ourensán defende para as mulleres uns dereitos equivalentes aos dos homes: “jamás la igualdad que no es posible entre seres que la naturaleza ha hecho diferentes”.

Rebate a igualdade home-muller, baseándose nos prexuízos dos labregos galegos, chegando a citar ao mesmo Daniel Castelao.

A forza da muller residiría na súa propia febleza e no seu dereito a ser protexida.

A súa oposición ao feminismo e ao socialismo lévao a criticar aos “dirigentes revolucionarios, que utilizan la igualdad de derechos para los dos sexos como resorte para destruir la familia, como medio de aniquilar y borrar en el corazón del hombre las virtudes cardinales”.

Resumindo o seu pensamento, diremos que este autor considera que a muller nunca debe tentar de igualar os seus dereitos aos do home, senón buscar a similitude, elevando a súa cultura e conciencia social.

Xa nunha liña claramente ultra-reaccionaria sitúase o fascista coruñés, Carlos Colmeiro Laforet.

O 1 de febreiro de 1935 daba en Radio Coruña unha charla radiada, que posteriormente sería editada⁽³⁰⁾.

Este autor, malia criticar os excesos do antifeminismo pseudo-científico, na realidade sitúase na órbita dun Otto Weininger ou dun Nóvoa Santos.

Seguindo a ambos os dous autores, defende a existencia de

⁽²⁹⁾ Taboada Tundidor, Carlos. *La igualdad de derechos para los dos sájeos*. Ourense, Imp. La Industrial, 1933. 49 páxinas.

⁽³⁰⁾ Colmeiro Laforet, Carlos. *Feminismo*. A Coruña, Imp. Moret, 1935. 18 páxinas.

caracteres secundarios masculinos e femininos.

Os caracteres propiamente masculinos “son los que hacen al hombre apto para el trabajo y la lucha por la vida”, mentras os femininos, que el asocia unicamente á muller “tienden a facilitar la tendencia innata en ella a la maternidad”.

Tamén deduce a inferioridade feminina das características físicas exteriores.

Seguindo a Gregorio Marañón, fala de que o home ten o instinto de actuación social e de superación, instinto común aos machos de todas as especies, amén de "una especial aptitud para la actividad creadora y para la síntesis"; de aí, polo visto, deduciríase o seu pouco interese polas cuestións afectivas e polo trabado do fogar.

A muller, pola contra, ten tendencia a coidar dos seus filios e do fogar, feito que debe atribuírse “a algo consubstancial con su propia naturaleza”. Alén diso ten tamén menor capacidade de abstracción e menos resistencia aos esforzos, cousa que compensaría coa súa maior sensibilidade e capacidade para a minuciosidade e o detalle.

Estas características serían innatas a homes e mulleres e polo tanto imposíbeis de modificar a través da educación.

O verdadeiro feminismo, entón, debería ser; "el que tienda a defender y alabar a la mujer, auténticamente tal, a aquella que tenga intimamente grabado en el alma su instinto femenino, que la lleva a ser esposa y a ser madre”.

O ideal feminista non sería igualar a homes e mulleres, senón diferencíalos o máis posíbel para que a muller poida levar a cabo a súa función primordial: ser nai.

Este tipo de teses misturadas coas dos grupos católicos serán as que conformarán a ideoloxía dominante sobre a muller durante o franquismo.

A ETAPA FRANQUISTA, 1939-1975.

Malia a proliferación de obras sobre esta temática no Estado Español, son moi poucos os exemplos que temos na nosa razón.

Escolmamos únicamente seis autores coas suas correspondentes obras.

Catro deles: J. Alonso Ortiz, Quintín de Sariegos, Elvira Martín e David Castro Iglesias sitúanse na máis rexa ortodoxia católica, mentras Salvador de Madariaga é un pensador independente, e Carlos Colmeiro Laforet amosa un ideario confuso con resabios marxistas, malia o seu pasado fascista, unido as influencias do antifeminismo pseudocientífico.

En 1942, J. Alonso Ortiz publicaba un libríño ⁽³¹⁾ situado na tendencia do sector máis reaccionario do catolicismo.

Un dos eixos fundamentais do libro é a crítica da inmodestia feminina no vestir.

A parte de arremeter contra das modas, o autor ataca tamén "la asistencia a los bares y a los cafés; el tomar bebidas fuertes y fumar cigarrillos rubios". Todo isto levaría á desaparición da modestia no mirar e da circunspección no falar.

Merécenlle duros epítetos os novos costumes femininos, pois "la joven moderna, en el prurito de ser a lo varón, lanza el disco y la jabalina, se mueve en agitación de vértigo sobre el campo de basket".

Ao que parece, o lamentable é que a muller de hoxe en día desexa ser como o home, e esa tolemia "despojándola de las genuinas cualidades de la mujer, la convierte en un ser híbrido, digno de nuestra más profunda conmiseración".

En xeral hai unha hipervaloración do papel da muller como esposa e nai, facéndose unha aceda crítica dos costumes modernos, que segue a liña dos autores católicos máis reaccionarios.

Moi semellante á obra de J. Alonso Ortiz resultaría a de Quintín de Sariegos, publicada en 1960 en Vigo ⁽³²⁾.

⁽³¹⁾ Alonso Ortiz, J. *El (dolo de la mujer*. Vigo, Imprenta Gutemberg, 1942. 81 páxinas.

⁽³²⁾ Sariegos, Quintín de. *Luz en el camino. Ideario para la juventud femenina moderna*. Vigo. Imp. "Taro de Vigo", 1960. 334 páxinas.

O frade capuchino considera á mulier como un ser basicamente distinto ao home, subordinado a el e con obriga de manter a virxindade e castidade de solteira, e ser nai amante e esposa fiel, de casada.

Afirma tamén que a honra da muller é radicalmente diferente da do home, xa que mentras a honra del é algo persoal, a da muller afecta a toda a sociedade, pois a deshonra feminina pode contribuir á luxuria do home.

A muller e o home posuirían diferentes capacidades intelectivas; así, o home actúa por convicción e a muller por instinto, de aí que "la mujer en el obrar esté más cerca del irracional que el hombre".

Estas características lévano a pensar que ela non debe aparecer en público soa, pois precisa de control e autoridade masculina.

Critica tamén o feminismo moderno, que ve como un movemento moi perigoso, xurdido da perversidade dos tempos actuais.

Amósase así mesmo contrario á igualdade de dereitos entre os sexos, pois iso contribuiría á perda da feminidade.

Os costumes da nova sociedade de consumo, que estaba chegando ao noso país, só lie merecen repulsa e anatemas.

Critica entón o costume de frecuentar tascas, vestir pantalons ou fumar; tampouco concebe a posibilidade de existencia de relacións de amizade entre seres de sexo oposto.

Oponse ás excursions mixtas, ao flirteo e ao deporte feminino e considera altamente sospeitosos ao cine, teatro, espectáculos en xeral e aos libros, de non seren piadosos.

Recapitulando, diremos que nos atopamos diante dun antifeminista serodio, que bebe das fontes bíblicas e tamén da pseudociencia, adubado todo coas súas propias "réflexions".

Na mesma liña de Alonso Ortiz e Quintín de Sariegos sitúase David Castro Iglesias cunha obra ⁽³³⁾ na que se defende o vencemento

⁽³³⁾ Castro Iglesias, David. *Luz, Flores de vida y espinas de verdad. Pensamientos para las jóvenes*. Santiago de Compostela, Porto y Cía Editores, 1958. 242 páxinas.

e a mortificación como melior maneira para vencer as paixóns xurdidas do noivado.

E realmente, a súa, unha visión ascética, reaccionaria e antifeminista do mundo.

De 1956 é “Orto y ocaso del feminismo” (34) de Carlos Colmeiro Laforet, na que este ideólogo analiza as relacións sociais case desde un punto de vista marxista, aínda que segue a considerar que a maioría das diferencias existentes entre os sexos son de raiz biolóxica.

Dous anos despois, en 1962, publicaba Elvira Martín unha biografía de Concepción Arenal, E. Pardo Bazán e Rosalía de Castro (35).

Na biografía de Concepción Arenal, a autora, posuidora dunha concepción romántica e heroica do mundo desde unha óptica fundamente cristiá defende o dereito da muller á instrución, salientando, contodo, que esta debe ser sempre verdadeiramente muller. Para iso, ponnos o exemplo de Concepción Arenal, que “por encima de todo mujer, vive plenamente su etapa de felicidad amorosa. No trata de eludir los dolores ni los deberes que la impone su sexo y acepta la maternidad con gozosa satisfacción”.

Para Elvira Martín existe unha clara diferenza entre os caracteres do home e da muller.

O home perseguiría as ideas abstractas, mentras a muller ateríase máis ao concreto, “mientras admira las elucubraciones mentales y admite que la capacidad creadora pertenece al hombre”.

A mitificación, que a autora fai das personaxes estudadas, lévaa a agochar as relacións amorosas extramatrimoniais: a relación de Rosalía con Aurelio Aguirre ou o idilio vivido pola condessa de Pardo Bazán con Benito Pérez Galdos. Así, á hora de preguntarse

C4) Colmeiro Laforet, Carlos. *Orto y ocaso del feminismo*. Vigo, Faro de Vigo, 1956. 283 páxinas.

(35) Martín, Elvira. *Tres mujeres gallegas del s.XIX. Concepción Arenal, Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazan*. Barcelona, Aedos, 1962. 231 páxinas.

se a Pardo Bazán tivo amoríos, da a insólita contestación de “lo más probable es que no haya perdido el tiempo en tales nimiedades”.

En resumo, para ela a muller ten unha intelixencia semellante á do home e merece a mesma consideración. Contodo, hai un rasgo que separa ao home e á muller: “La obra de creación es masculina, la de conservación (observación y descripción) es femenina”.

A pesares de non ser un pensador reaccionario en xeral, a obra de Salvador de Madariaga sobre a muller na sociedade ⁽³⁶⁾ é debedora dos tópicos espadados por todos os autores reaccionarios.

Para o autor coruñés “es institución arraigada en el ser humano, la de ver a la mujer más cerca de la naturaleza que el hombre”.

Polo visto, viríade aíaresistenciamasculinaámullerintelectual, porque o intelecto non sería natureza, senón espello para contéplala e non hai contemplación sen distancia.

A muller sería intuitiva-instintiva en contraposición ao home, racional-voluntario.

A frivolidade e superficialidade do Madariaga lévano a facer afirmacións tan machistas como a de: “Si la dama dice no, quiere decir quizá, si dice quizá, quiere decir si; si dice si, no es dama”.

Para el, as españolas sempre viviron nun ambiente feminista, cousa que se pode ver, por exemplo, na conservación do apelido por parte da muller casada, ou no feito de que houbera mulleres que frecuentaran a Universidade de Salamanca no século XIII; polo que “nuestras mujeres... no han tenido nunca menester de liberación, emancipación y otras zarandajas y utopías, agitadas ante su indiferencia por burguesas de otros países”.

Este é a “grosso modo” o estado da bibliografía sobre o noso tema durante o franquismo.

(*) Madariaga, Salvador de. *Mujeres españolas*. Madrid. Espasa Calpe, 1972. 326 páxinas.

O POSTFRANQUISMO, 1975-1994.

Os anos máis recentes son sen dúbida os de maior produción bibliográfica sobre a cuestión feminina de toda a historia da Galiza.

Será neste intre tamén cando se produzan as primeiras obras de teoría feminista da man de María Xosé Queizán e Teresa Barro. Así mesmo a Universidade de Santiago comeza a preocuparse por esta cuestión a partires da obra de María Luisa Barrera Peña e Ana López Peña sobre a muller na propia Universidade, publicada en 1983.

Podemos distinguir en liñas xerais varias tipoloxías:

-*Misceláneas*. Dentro deste grupo situaríase a obra do xomalista coruñés Emilio Merino ⁽³⁷⁾, que ao longo de 480 páxinas, tenta de pasar revista á situación da muller no mundo contemporáneo, aínda que en ocasións chega a retrotraerse aos séculos medievais.

O libro resulta un compedio de retallos da historia das mulleres, carente de liña de continuidade, onde á beira do estudo sobre Flora Tristán, faise referencia á asociación “Mujeres libres”, ao espírito renovador do fabianismo ou ás experiencias do mundo comunista máis recente.

A derradeira parte do libro serve ao autor para expornos o seu ideario, no que se nos di, nin máis nin menos, que a actitude dalgunhas mulleres avanzadas é de todo punto intolerábel, pois implica “hipotecar los dones de su proverbial recato, de su natural psicología, para adquirir gestos y ejecutar acciones propias del varón”. Deféndese, xaque logo, a existencia dunhas “peculiaridades femininas” que orientan á muller nun senso intuitivo, ao revés do varón, que sería fundamentalmente especulativo.

-*Ensaio Feministas*. Por primeira vez na historia da nazón

⁽³⁷⁾ Merino, Emilio. *Mujeres de "ideas largas"*. Sada, Edición do Castro, 1985.

galega aparecen análises sobre a situación da rauller desde unha óptica feminista.

María Xosé Queizán sería autora de dúas obras: “A muller en Galiza“ (38) e “Recuperemos as mans” (39).

En “A mulleren Galiza” faise unha comparanza entre a situación de subordinación que sofre a muller na sociedade, e a lingua galega verbo do castelán.

En “Recuperemos as mans” fanse unha serie de propostas feministas, na liña de chamado feminismo independente.

Teresa Barro é autora dun ensaio titulado “Cartas a Rosalía” (40), onde se defende un estrano e heterodoxo feminismo, influenciado polo espiritualismo cristián, que chega a condenar o divorcio e as relacións sexuais prematrimoniais.

-Ensaioxornalísticos. Incluímos aquí o libro de Ursula Heinze: “Arredor da muller en 18 mundos” (41) no que a través dun ronsel de enquisas dásenos unha visión múltiple da vida das mulleres galegas de diferentes grupos sociais.

-Estudos históricos. Salientaremos as obras de Clara Rodríguez Núñez (42) sobre as dominicas de Belvís, de Marta González Vázquez (43) sobre as mulleres no Camino de Santiago e as máis recentes do propio autor deste artigo C⁴⁴) sobre a historia das

³⁸) Queizán, María Xosé. *A mulleren Galiza*. Sada, Edicións do Castro, 1977.

³⁹) Idem. *Recuperemos as mans*. Santiago, Edicións do Cerne, 1980.

⁴⁰) Barro, Teresa. *Cartas a Rosalía*. Sada, Edicións do Castro, 1981.

⁴¹) Heinze, Ursula. *Arredor da muller en 18 mundos*. Vigo, Xerais, 1985.

⁴²) Rodríguez Nunez, Clara. *El monasterio de las dominicas de Belvís de Santiago de Compostela*. Ferrol, Estudios Mindonienses (Separata, 5), 1989.

⁴³) Gonzalez Vázquez, Marta. *Las mujeres de la Edad Media y el Camino de Santiago*. Santiago, Xunta de Galicia (Servicio Central de Publicacións), 1989.

⁴⁴) Freire Lésion, Xosé Vicenzo. *O traballo extradoméstico da muller galega. 1900-1936*. Vigo, Concellería da Muller, 1993; *A muller na Administración Pública Galega. 1900-1990*. Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública, 1993; e *Lembranzas dun mundo esquecido. Muller, política e sociedade na Galicia Contemporánea*. Santiago de Compostela, Edicións Laiovento, 1993.

mulleres galegas no período contemporáneo, incidindo nas cuestións socioeconómicas, e a de Carmen Pallares Méndez ⁽⁴⁵⁾ sobre a muller no mundo medieval.

-*Estudos sociolóxicos*. Incluimos aquí a investigación sobre a muller na Universidade de Santiago, por María Luisa Barrera Peña e Ana López Peña C⁽⁴⁶⁾ e a de Alicia Risso Míguez sobre a sexualidade feminista na Universidade de Santiago ⁽⁴⁷⁾.

-*Estudos antropolóxicos*. Deben citarse sobre todo os estudos de Marcial Gondar sobre o comportamento das viúvas galegas ⁽⁴⁸⁾ e as de Lourdes Méndez, sobre as actitudes das campesiñas lucenses no período 1940-1980 ⁽⁴⁹⁾.

-*Estudos literarios*. Salientaremos os estudos sobre a obra de Rosalía, feitos por Francisco Rodríguez ⁽⁵⁰⁾ e Catherine M. Davies ⁽⁵¹⁾; e sobre Emilia Pardo Bazán, da autoría de Teresa A. Cook ⁽⁵²⁾, para rematar co máis recente, de Carme Blanco, sobre as literatas galegas ⁽⁵³⁾.

⁽⁴⁵⁾ Pallares Mendez, Mari Carme. *A vida das mullers na Galicia medieval. 1100-1500*. Santiago, Servicio de Publicacións da Universidade, 1993.

⁽⁴⁶⁾ Barrera Peña, María Luisa e López Peña, Ana. *Sociología de la mujer en la Universidad. Análisis histórico-comparativo Galicia-España, 1900-1980*. Santiago, Universidade, 1983.

⁽⁴⁷⁾ Risso Migueis, Alicia. *La sexualidadfemenina: Un estudio de los comportamientos y opiniones de Las estudiantes primero y quinto curso de la Universidad de Santiago de Compostela*. Santiago, Universidades, 1986.

⁽⁴⁸⁾ Gondar Portasany, Marcial. *Mulleres de mortos. Cara a unha antropoloxía da muller galega...* Vigo, Xerais, 1991.

⁽⁴⁹⁾ Mendez, Lourdes. *Cousas de mulleres. Campesiñas, poder y vida cotidiana, (Lugo, 1940-1980)*. Barcelona, Anthropos, 1987.

⁽⁵⁰⁾ Rodríguez Sanchez, Francisco. *Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro*. Vigo, A.S.P.G., 1988.

⁽⁵¹⁾ Davies, Catherine M. *Rosalía de Castro no seu tempo*. Vigo, Edit. Galaxia, 1987.

⁽⁵²⁾ Cook, Teresa A. *El feminismo en la novela de la condesa de Pardo Bazán*. A Coruña, Deputación provincial, 1976.

⁽⁵³⁾ Blanco, Carme. *Literatura galega da muller*. Vigo, Xerais, 1991.

Este sería a grandes rasgos o panorama dos libros galegos sobre a muller, panorama que poderíamos completar incluíndo as actas dalgún congreso coma o denominado “Mulher e Cultura” (Santiago, 1993) ou aínda algún outro estudo que toca tanxencialmente o tema feminino.

Rematarei consignando o intre vizoso que comeza a vivir este tema na Galiza actual, e agardando que isto anime aos novos investigadores/as para adentrarse nas veredas destas cuestións, tan fundamentais para entender a nosa sociedade.

XOSÉ VICENZO FREIRE LESTÓN